

Resolución do 2 de xullo de 2008 pola que se modifica a do 23 de maio pola que se abre o prazo de presentación de solicitudes para a elaboración de diversas listas por categorías profesionais para a contratación de persoal laboral temporal no Instituto Galego da Calidade Alimentaria (Ingacal) e se abre un novo prazo de presentación de solicitudes.

Mediante Resolución do 23 de maio de 2008 do presidente do Instituto Galego da Calidade Alimentaria (Ingacal), publicada no *Diario Oficial de Galicia* do 11 de xuño de 2008, abriuse o prazo de presentación de solicitudes para a elaboración de diversas listas por categorías profesionais para a contratación de persoal laboral temporal no devandito instituto.

A citada resolución recolle na base cuarta os requisitos específicos de cada categoría, detectouse para o caso da categoría de técnico I a non inclusión de varias titulacións polo que se fai necesaria a súa modificación. Así mesmo púxose de manifesto que, cando a titulación exixida era a de formación profesional de grao medio ou superior, era necesario precisar o concepto de equivalencia coa titulación de bacharelato combinada coa experiencia profesional na mesma categoría. Por outra banda viuse a necesidade de incluír unha nova categoría de asesor/a xurídico/a. É necesario ademais, por analoxía co sistema de listas que rexe para o persoal laboral temporal da Xunta de Galicia, incluír a posibilidade de que os solicitantes escollan o ámbito territorial de traballo, aspecto que se recolle na base cuarta bis, que se engade ao texto inicial da resolución.

Por todo o exposto e no uso das facultades que me foron conferidas no artigo 8 do Decreto 259/2006, do 28 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do Instituto Galego da Calidade Alimentaria,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

O obxecto desta resolución é a modificación das bases reguladoras para a elaboración de listas por categorías profesionais para a contratación de persoal laboral temporal no Instituto Galego da Calidade Alimentaria (Ingacal).

Artigo 2º.-Modificación da Resolución do 23 de maio de 2008 pola que se abre o prazo de presentación de solicitudes para a elaboración de diversas listas por categorías profesionais para a contratación de persoal laboral temporal no Instituto Galego da Calidade Alimentaria (Ingacal).

Primeira.-Modificación do punto 1 da base cuarta:

O punto 1 da base cuarta queda redactado como segue:

«Categoría de técnico I. Titulación universitaria superior. As titulacións requiridas son: enxeñaría agronómica, de montes ou química, licenciatura en veterinaria, enoloxía, farmacia, química, bioloxía,

bioquímica, biotecnoloxía, ciencias ambientais, ciencias do mar, economía, administración e dirección de empresas ou ciencia e tecnoloxía dos alimentos».

Segunda.-Engádese unha nova categoría na base cuarta, que terá o seguinte contido:

«10. Categoría de asesor/a xurídico/a: titulación de licenciado/a en dereito.»

Terceira.-Engádese un último parágrafo á base cuarta:

«Nos casos onde sexa exixible a titulación de FP de ciclo superior (FP de 2º grao ou ciclo formativo do grao superior), tamén se admitirá a titulación de bacharelato ou equivalente e tres anos de experiencia acreditada na Administración pública na mesma categoría que a que se solicita. Nos casos onde sexa exixible a titulación de FP de ciclo medio (FP de 1º grao ou ciclo formativo de grao medio), tamén se admitirá a titulación de graduado en ESO ou equivalente e dous anos de experiencia acreditada na Administración pública na mesma categoría que a que se solicita».

Cuarta.-Engádese unha nova base despois da base cuarta, que terá o seguinte contido:

«Cuarta-bis.-Ámbito.

O persoal interesado en formar parte das listas pode facer constar en que ámbito desexa prestar os seus servizos, ata un máximo de tres por cada categoría. Os códigos dos ámbitos que se ofertan son os seguintes:

15001 Servizos centrais do Ingacal.

15002 Abegondo (A Coruña).

15003 Monfero (A Coruña).

27001 A Pobra de Brollón (Lugo).

32001 Leiro (Ourense).

36001 Ribadumia (Pontevedra).

36002 Salceda de Caselas (Pontevedra)».

Quinta.-Engádese unha nova fila ao final do anexo I, que terá o seguinte contido:

«Categoría: asesor/a xurídico/a; lista: 10 asesor/a xurídico/a».

Sexta.-Substitúese o anexo II polo que se inclúe nesta resolución.

Artigo 3º.-Apertura dun novo prazo para a presentación de solicitudes:

Ábrese un novo prazo para a presentación das solicitudes polas persoas interesadas en formaren parte dunha ou varias categorías ou listas, de trinta días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2008.

Alfredo Suárez Canal
Presidente do Instituto Galego da Calidade Alimentaria



ANEXO II

PROCEDEMENTO SOLICITUDE DE INCLUSIÓN NAS LISTAS POR CATEGORÍAS PROFESIONAIS PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DO INSTITUTO GALEGO DA CALIDADE ALIMENTARIA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MR800A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS PERSONAIS

NOME E APELIDOS		NIF	DATA DE NACEMENTO
<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO
<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CORREO ELECTRÓNICO			
<input type="text"/>			

CATEGORÍA A QUE OPTA	TITULACIÓN EXIXIDA NA CONVOCATORÍA	OUTRAS
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

SE OPTA Á CATEGORÍA DE TÉCNICO I, LISTA EN QUE SOLICITA A SÚA INCLUSIÓN

ÁMBITO QUE SOLICITA	Ámbito primeiro	Ámbito segundo	Ámbito terceiro
	<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

<input type="checkbox"/> DNI <input type="checkbox"/> Xustificante de pagamento da taxa administrativa <input type="checkbox"/> Titulación académica <input type="checkbox"/> Certificado de acreditación de coñecemento do galego <input type="checkbox"/> Carné de conducir <input type="checkbox"/> Certificado de minusvalidez <input type="checkbox"/> Certificación de servizos prestados <input type="checkbox"/> Copia cotexada do título de doutor	<input type="checkbox"/> Certificado da vida laboral expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social <input type="checkbox"/> Informe do Servizo Galego de Colocación, de inscrición como demandante de emprego <input type="checkbox"/> Certificación de calificación do último proceso selectivo da Administración autonómica <input type="checkbox"/> Certificación de participación en proxectos de investigación <input type="checkbox"/> Acreditación de publicacións internacionais <input type="checkbox"/> Acreditación de publicacións estatais <input type="checkbox"/> Acreditación de participación en congresos <input type="checkbox"/> Documento acreditativo do coñecemento de inglés
--	---

Quen abaixo asina DECLARA QUE:

Presta expresamente o seu consentimento ao Ingacal para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, no ceito que determine o órgano competente.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Resolución do 2 de xullo de 2008 pola que se modifica a do 23 de maio de 2008 pola que se abre o prazo de presentación de solicitudes para a elaboración de diversas listas por categorías profesionais para a contratación de persoal laboral temporal no Instituto Galego da Calidade Alimentaria (Ingacal) e se abre un novo prazo de presentación de solicitudes.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO <input type="text"/> REVISADO E CONFORME <input type="text"/>	NÚMERO DE EXPEDIENTE <input type="text"/> DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA En <input type="text"/> , <input type="text"/>		